

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA, FADEMUR, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ALIADAS SORORAS DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN, CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as mediadas que incluía no 2017 de 290 a 461 e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a económica e a dixital. Ademais prestáselle especial atención ás mulleres rurais e ás mulleres con discapacidade. Así a medida 41 recolle o reforzar as campañas de sensibilización cara as mulleres no ámbito rural, pola maior incidencia nese entorno.



Así mesmo, o eixo 3 do Pacto de Estado recolle no seu punto 4 un apartado específico adicado ao Rural, e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural, promover e apoiar as mesas de coordinación, a reforzar a presenza policial para a adecuada atención ás vítimas, e brindarlle ás vítimas unha atención e acompañamento efectivas e de calidade.

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), é unha entidade que loita pola visibilización do papel das mulleres no medio rural, apostando pola igualdade e o progreso das mesmas como ferramenta fundamental de integración e mellora da súa posición na sociedade. Está composta por 65 asociacións de mulleres rurais do ámbito local, comarcal, provincial e autonómico e a súa vez, FADEMUR Galicia está federada á Federación de *Asociaciones de Mujeres Rurales* estatal. Está inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-5072.

A Consellería de Política Social e Igualdade estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), para o financiamento das accións tales como: Encontros presenciais, a actualización da enquisa sobre violencia de xénero, unha campaña de concienciación e un programa de formación, sensibilización e asesoramento cuxo obxectivo prioritario é reforzar o apoio social ás mulleres do rural, en especial ás vítimas de violencia de xénero, con accións de difícil encaixe nos servizos públicos, a través das cales preténdese acadar unhas maiores habilidades sociais, autoestima e empoderamento para as mulleres e tendo presente e considerando en todo momento os matices que a violencia de xénero adquire no rural.

Así mesmo e tendo en conta que Galicia é unha comunidade autónoma rural, a Consellería de Política Social e Igualdade pretende asinar convenios de colaboración coas federacións e asociacións de mulleres das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, sendo todas elas entidades que traballan no eido da violencia de xénero que tanto pola súa capacidade como pola súa representatividade son as únicas en



Galicia que poden levar a cabo accións de prevención, formación, información e sensibilización en materia de violencia de xénero no ámbito rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

